


1 DENSIDADE

- O marco de plantación buscará un distanciamento das árbores en estado alto fuste mínimo de 7 m. A separación das cociñas e do arborado será como mínimo de 3 m, en particular no caso de áreas recreativas.

2 MANTEMENTOS

- Rozas frecuentes de matogueira e sega de especies herbáceas nunha distancia de 50 m arredor das áreas recreativas e no seu interior.
- **Zonificación:** aplicable aos montes periurbanos e a mouteiras onde a actividade recreativa sexa especialmente relevante ou ás propias áreas recreativas establecidas en terreo forestal.



Máis información do modelo

MODELO SILVÍCOLA RR

ESPECIE: todas as especies forestais. A miúdo tratarase de arboretos ou áreas recreativas

OBXECTIVO: xestión que compatibilice o uso público coa adecuada protección e xestión do sistema forestal

DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: todos os distritos forestais

3 TRATAMENTOS SILVÍCOLAS

- **Podas:** a distancia entre pés será, como mínimo, de 7 m. Podas ata asegurar que o 35 % da altura da árbore estea libre de ramas.
- **Desmestas:** nas áreas recreativas buscarase acadar os 7 m de separación entre árbores. Nas mouteiras recreativas procurarase manter niveis baixos de densidade, mediante aplicación de desmestas.
- **Rareas:** as rareas poderán ser selectivas en función das especies forestais presentes.

4 CORTAS DE REXENERACIÓN

- **Idade de corta:** a idade de corta final será definida por cuestión de seguridade e de lonxevidade natural das especies presentes.
- **Cortas de rexeneración:** sempre selectivas, evitando as cortas a feito.